

NOTA DE PRENSA

QUE NADA NOS PARE. XUÑO, MES DE LIPEDEMA. AGL visibiliza esta enfermidade invisible que afecta maioritariamente ás mulleres

Se estima que preto do 20% da poboación feminina mundial vive coa enfermidade do lipedema, patoloxía pouco coñecida que adoita a diagnosticarse de xeito erróneo por falta de información.

O mes de xuño é a data dedicada ao lipedema, enfermidade recoñecida pola OMS dende o 8 de maio do 2018 e incluída no catálogo ICD-11 (CIE-11) que clasifica internacionalmente ás enfermidades baixo o código EF02.2 `Alteracións non inflamatorias da graxa subcutánea`.

Esta patoloxía afecta a preto dun 20% da poboación feminina mundial, tendo unha repercusión de menor medida a homes. Estímase que a nivel mundial, 616.000.000 de persoas viven con esta enfermidade completamente descoñecida, non rara, pero si infradiagnosticada e infratratada pola Sanidade Pública.

Que é o Lipedema?

É unha enfermidade crónica e dexenerativa, de orixe xenética e con compoñente hormonal. Adoita confundirse co linfedema, celulite ou obesidade porque os seus principais síntomas son a desproporción en brazos e pernas en comparación co resto do corpo. Actualmente, o lipedema carece de cura.

As persoas que teñen lipedema conviven con dores constantes e incapacitantes, teñen pesadez, hematomas frecuentes e problemas circulatorios, estreitamento de capilares e dano linfático. En casos avanzados, afecta gravemente á mobilidade impedindo que a persoa poida camiñar e valerse por si mesma. Ademais, non responde a dietas convencionais nin exercicio intenso.

Ao ser unha patoloxía invisible para o sistema de saúde, é moi difícil contar cun diagnóstico médico e, ao carecer dun tratamento conservador, pode empeorar dando lugar a problemas non só físicos senón tamén psicolóxicos así como trastornos da conduta alimentaria.

Ademais das propias dificultades que teñen as persoas diagnosticadas con lipedema, a maioría recoñece que atopa barreiras a nivel social, como poder atopar roupa adecuada e o feito de socializar con outras persoas. Isto significa vivir cunha carga emocional, de incompreensión e rexeitamento social por ter unha imaxe que non se corresponde cos estereotipos da sociedade actual. Unha persoa con lipedema escoita con demasiada frecuencia comentarios como: *“Que pernas tes...co guapa que es de fronte”*, *“Por que non*

fas dieta se só che sobran uns quilos?”, “Iso cun pouco de dieta e exercicio quívalo”.

Actos programados

Co fin de que o lipedema sexa unha patoloxía incluída na sanidade pública e as prendas de compresión sexan incluídas no Catálogo Ortoprotésico nacional, dende AGL iniciaron unha Campaña na plataforma **Change.org** que leva por título **¡Reconocimiento del lipedema como enfermedad en la sanidad pública YA!** e se pode ver neste enderezo:

<https://www.change.org/p/reconocimiento-del-lipedema-como-enfermedad-en-la-sanidad-p%C3%BAblica-ya>

En colaboración co Concello de Vilagarcía e a asociación de comerciantes Zona Aberta, dende AGL levamos a cabo unha campaña de sensibilización que se desenvolverá en catro accións:

O 21 de xuño: ás 13 horas presentación dunha exposición na Praza de Galicia de Vilagarcía que estará aberta ata o 30 de xuño.

Os escaparates de comercios Nieves Álvarez, Moto Bazar, calzados e complementos Yosu, Los Pepes, Iratis moda, María Costureiro, Cocoe Moda e + Sport, todos integrantes da asociación de comerciantes Zona Aberta, exporán maniquís co tratamento de lipedema.

O 29 de xuño de 11.00h a 13.30h. Colocación dunha mesa informativa na Praza de Galicia de Vilagarcía para sensibilizar, orientar e informar sobre o lipedema.

O 29 de xuño, os locais de hostalería de Zona Aberta recadarán fondos para AGL a través de diferentes huchas colocadas nos seus locais.

En Lugo, o 24 de xuño, ás 19.30h., no Centro Cívico Uxío Novoneyra, desenvolverase unha charla-coloquio sobre a Abordaxe multidisciplinar do Lipedema “QUE NADA NOS PARE”.

Datos de contacto:

Entidade: asociación galega de linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas (AGL)

- Persoa de contacto: María Araujo Rey (traballadora social de AGL)
- Tfno: 630 024 428
- Mail: info@linfedemagalicia.com
- Facebook <https://www.facebook.com/linfedemagalicia>
- Instagram: @aglinfelipedema
- Web: <https://www.linfedemagalicia.com/es/>